

Documento distribuído por



Tereixa Navaza e os inicios da televisión desde Galicia

Manuel Lombao Lombao

Data de publicación: 09-04-2014



Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2º andar. 15705 Santiago de Compostela (Galicia)

Tfno.: 981957202 / Fax: 981957205 / xenero@consellodacultura.org

TEREIXA NAVAZA E OS INICIOS DA TELEVISIÓN DESDE GALICIA

Manuel Lombao Lombao

Señor Presidente do Consello da Cultura, Comisión organizadora desta xornada-homaxe a Tereixa Navaza, amigas e amigos, bos días a todos.

Moitas grazas, Xosé pola túa presentación tan amable comigo. Quero pensar que a nosa orixe chairega común foi un dato determinante para xerar esa amabilidade.

Agradezo tamén ó Consello e á organización terse acordado de min para esta comunicación de apertura desta xornada. É para min unha grande honra, pero, cando comecei a matinar no que ía a dicir, no primeiro instante, viñéronme á mente dous compañeiros, mestres neste oficio e que son os que terían a verdadeira autoridade para estar aquí se a morte non nos tivera arrebatado. Falo de Luis Mariñas e de Alexandre Crieiro. Vaia a nosa homenaxe e a mellor das lembranzas para eles.

Imos falar da muller no ámbito da comunicación, imos falar dunha muller da “primeira xeración de mulleres xornalistas profesionais”, imos falar, nada máis e nada menos que “da voz da liberdade”. O reto non é doado pero, se vostedes me dan permiso, vou desenvolver a miña intervención por unha mestura de datos compilados e de experiencia persoal.

Botemos unha ollada máis atrás do que o título nos obriga. Anos cincuenta e sesenta. A ditadura franquista está no seu apoxeo. A radio é a fiestra, pola que entra, ademais do “parte” obrigatorio coas consignas do réxime, os concursos, as radionovelas, os discos dedicados, a música que alivia e fai un pouco máis levadeira a posguerra do estraperlo para os vencedores e a miseria para os que non se consideren como tales e a “longa noite de pedra” para os que viven no exilio interior ou os que sobreviven cubertos por un silencio medoñento. Hai poucas voces de muller que se limitan a anunciar esa música, a ler a publicidade ou a acompañar nunha segunda fila ós “locutores” máis famosos: Bobby Deglané, José Luis Pecker, Luis del Olmo. O programa “femenino” por excelencia chámase “El consultorio de la Señora Francis”. Consellos para os “problemas femininos” mesturado con publicidade de produtos de beleza. A voz da tal señora Francis era a de unha locutora catalá moi famosa chamada Maruja Fernández. Nas radios locais repetíase o esquema e había unha voz feminina, case sempre secundaria, da que poucas veces se escoitaba o nome, e coñecida só por algúns habitantes das cidades. En Galicia, eu, precoz vicioso da radio, coñecía de nome, non de

vista- a Amalita Paredes de Radio Lugo e a Marinita de la Peña de Radio Nacional de España en A Coruña por un famoso concurso de cantantes noveis chamado “Desfile de estrellas”. Marina retrata moi ben a situación das mulleres na radio do momento nunha entrevista publicada en *El Ideal Gallego* o 17 de Decembro de 1989:

Entonces no se hacía el trabajo activo que desarrollamos hoy las mujeres, codo a codo con los hombres. Éramos lectoras de guiones que hacían otros. O, si hacíamos entrevistas, nos destinaban siempre aquellas más intrascendentes. Eso es lo que no quisiera que volviera. Lo que no añoro. Hoy hacemos un tipo de radio completamente diferente: más en la actualidad, en los acontecimientos del día, que se desarrollan con muchísima más velocidad que antes; se le da más importancia a los informativos y antes a los programas de entretenimiento.

Cando Marina facía esas declaracións xa tivera eu a sorte de traballar ó seu carón en RNE Galicia. Mais voltemos á tempo no que estabamos. Pouco despois, tamén de nome e de voz, non de vista, coñecín a Tereixa Navaza, pero non adiantemos acontecementos. Non sobra dicir neste Consello da Cultura Galega que todos os que traballaban na radio destacaban pola súa correcta expresión na lingua “do imperio”. É dicir: nin “doutor” nin “dotor”, se non: “doctor” e nada de acento galego. Hai unha anécdota que conta Isabel Carou, primeira locutora de Radio Galicia de Santiago, que dí que cando fixo as probas, unha das condicións determinantes para aprobala foi que era “a que non tiña ningún acento galego froito da súas estancias en Madrid e León”.

Esa situación non era diferente da que a muller tiña na sociedade dese momento. Se cadra tampouco está de máis subliñar que o franquismo restablece o Código de 1889 que dotaba á muller dos mesmos dereitos que ós menores e ós incapacitados mentais. Lonxe quedaran os grupos de “Mulleres libres” e “Mulleres antifastistas” da República. Lonxe quedara a Ley que aprobara o voto feminino en 1933 impulsado por Clara Campoamor en contra dos seus propios compañeiros de partido ou aquelas primeiras Deputadas, ademais da Campoamor, Margarita Nelken, Dolores Ibárruri, Federica Montseny. Máis lonxe quedaba a galega Emilia Pardo Bazán, precursora do feminismo á que non deixaron entrar na Academia por ser muller (niso non adiantamos moito).

Nesta ditadura a muller estaba noutro exilio. O chamado “exilio doméstico”.

Mulleres xornalistas non coñecía. No xornal da miña cidade natal non escribía ningunha. Na radio non había informativos, agás o de RNE, o xa citado “parte”. Cando puideren ir lendo algún xornal de Madrid –dezaseis, dezasete anos– lémbrome dunha muller que me chamou a atención. Escribía no xornal católico *Ya* do que era correspondente en París. Chámabase Josefina Carabias. Ata moitos anos máis tarde non souben que fora “a precursora da presenza feminina no ámbito xornalístico na España

da II República” e cando puideron afondar na súa biografía atopáronse con algúns trazos que se asemellan á nosa homenaxeada, salvadas as distancias.

Admiradora das primeiras mulleres xornalistas, non profesionais como Carmen de Burgos, Sofía Casanova ou Concha Espina, despois de debutar no xornalismo cunha entrevista a Victoria Kent na revista *Estampa*, e mentras exerce de cronista parlamentaria para *Ahora* e *La Voz*, colabora no primeiro programa informativo da radio en España, “La Palabra” de *Unión Radio* (actual cadena SER). Nese programa ten ocasión de transmitir a homenaxe a D. Miguel de Unamuno na Universidade de Salamanca, cando volta do exilio en Fuerteventura, París e Baiona baixo a ditadura de Primo de Rivera. Nos seus artigos trataba temas como a reforma agraria, a importancia do voto feminino ou os cambios educativos que propiciaban que as mulleres desenvolveran as profesións que ata entón eran exclusivamente masculinas. “Unha muller da clase media con inquietudes intelectuais” como ela se definiu, codeábase no Ateneo con D. Manuel Azaña ou Ortega y Gasset e era amiga de María Moliner e Carmen Conde. As súas reportaxes fixéronse famosas porque, alén de entrevistar a persoeiros como Pio Baroja ou D. Ramón del Valle-Inclán, nunha ocasión entrou a traballar de camareira no Hotel que hoxe se chama Palace para contar como era o traballo da muller nesa época e nese lugar.

Un coetáneo e xornalista do meu santoral particular, Eduardo Haro Tecglen, facía este retrato de Josefina Carabias:

pequena e vivaracha, co sentido máis amplo da lealdade, da xusticia, do amor, con penetrante sinceridade e sentimento. Destacaba polo seu sorriso e o seu bon humor.

¿Non lles resulta familiar esta descrición e estas liñas mestras do seu traballo?. ¿Non se axusta á que escriben as organizadoras deste evento ó falar de Tereixa Navaza: “concepción do xornalismo implicado coa sociedade do seu tempo. Información con perspectiva propia que se amplía no compromiso co movemento feminista e na defensa dos dereitos das mulleres na procura dunha sociedade máis xusta”?

Tras a guerra civil, Carabias exíliase en París onde casa co avogado Rico-Godoy que, cando volta, ten que pasar no cárcere algúns meses. No ano 1942, Josefina Carabias traballa para RNE durante seis anos onde ten que firmar co pseudónimo de Carmen Moreno. Máis tarde, en 1954, entra a traballar en *Informaciones*, como corresponsal en Washington. Aquel *Informaciones* que na transición foi o viveiro de grandes xornalistas, tamén mulleres, que formarían a base do equipo fundacional do xornal *El País*. En 1959 trasládase a París como corresponsal de *Ya* ata pouco antes da súa morte. Hoxe, na Universidade Carlos III de Madrid, existe unha cátedra Josefina Carabias que no ano 2008 organizou o “I Congreso Internacional Muller e periodismo”.

Como de muller e xornalismo estamos a falar, permítanme abrir un longo paréntese para incluír aquí algunhas das reflexión que se fixeron nese Congreso do ano 2008 porque entendo que veñen moi a conto. Presentouse alí un estudio do grupo PAESEET (“Periodismo y análisis social: evaluación, efectos y tendencias”) dirixido pola Catedrática da Universidade Carlos III, Pilar Diezhandino. Un dos apartados chamábase “Presencia de la mujer en el ámbito informativo español” no que se concluía

“La mujer es pocas veces protagonista o personaje de información periodística y cuando lo es, lo es, básicamente, por su condición, no de mujer si no de política puesto que la cobertura informativa está proyectada hacia ese ámbito. Del mismo modo la mujer es apenas visible como fuente informativa y cuando lo es, aparece ligada a la información de sucesos.

Non creo que teña mudado moito a paisaxe dende o 2008 ate hoxe nesta realidade que apunta o devandito estudio.

E na liña que predica o obxectivo desta xornada que afirma “propiciar estudo e investigación arredor da presenza, incidencia e situación das xornalistas no ámbito da comunicación en Galicia” tómore outra licenza que consiste en reproducir o peche da lección inaugural deste ano 2012 da “Escuela UAM/ EL PAIS” pronunciada por unha das mulleres máis senlleiras do xornalismo español de hoxe Soledad Gallego Díaz. Citando a Kovach e Rosensteil cinco mandamentos para xornalistas que serven para homes e para mulleres:

- A) A VERDADE. Lealdade cos cidadáns. Disciplina da VERIFICACIÓN.
- B) Exercer un CONTROL INDEPENDENTE DO PODER.
- C) Non son “usuarios” senón lectores, oíntes, televidentes.
- D) Exercemos o despotismo “AMIGÁNDONOS COAS FONTES”.
- E) Non renderse á presa: INTERESE PÚBLICO, non INTERESE DO PÚBLICO.

Pechado este longo paréntese, retomamos o fío da Historia.

No ano 1956 aparece a Televisión Española. Para facerse unha idea das intencións do réxime baste dicir que se inaugura o 28 de Outubro, aniversario da fundación da Falange Española e festa de Cristo Rey e anos despois as instalacións de Prado del Rey o 18 de Xullo de 1966 data de evocacións obvias. O esquema é moi parecido. As mulleres son “locutoras de continuidade”. Dan paso dun programa a outro como cabezas parlantes, traballo que, dito sexa sen ánimo de ofender, podían ter feito mesmo

bonecas con voz en off. Tamén saían a dar desculpas cando a emisión sufría calquera corte ou problema. Eran “locutoras de garda”. A cara máis popular era Marisa Medina. Hai algunha muller nos programas infantís, incluso unha muller, Blanca Álvarez, chega a ser xefa dese departamento. Os presentadores son sempre homes case sempre procedentes da radio e, nalgún caso de programa “importante”, a parella era unha actriz. As primeiras xornalistas aparecen en pantalla ó abrirse a segunda canle, a famosa UHF en 1966. Aquela foi un especie de refuxio da cultura e das minorías. Ademais de acoller a realizadores, futuros cineastas como Pedro Olea, Alfonso Ungría, Martínez Lázaro, Iván Zulueta, Josefina Molina e Pilar Miró, asomaron nos informativos mulleres como Elena Martí e Victoria Prego. Claro que esa UHF emitiu tres horas ó día durante case vinte anos.

Nos primeiros setenta, neso que se deu en chamar “o tardofranquismo” ábrese a porta á información. Eu, oínte da SER de toda a vida aínda que nese momento acabo de estrearme como profesional da radio na COPE de Lugo, e pouco despois en Madrid, comezo a escoitar en “Hora 25” e en “Matinal Cadena SER”, dende Radio Galicia de Santiago, unha voz e un xeito de informar que tamén me chama a atención. Chámase María Teresa Navaza que, cando intervén nos “40 principais” liberada da formalidade da información máis seria, contaxia coa súa risa fresca e mesmo se presta ás bromas de Joaquín Prat cando quere emparellala con Joaquín Luqui comentarista estrela do devandito programa. Dende aquela entra na miña axenda das profesionais destacadas.

Segundo ela me conta (porque aquí si que non teño experiencias persoais) nese primeiro traballo ten que vencer dúas dificultades principais. Unha pola que todos e todas pasamos: facerse un oco entre os máis veteranos, os que dominan a profesión, (se ben xa había dúas mulleres pioneiras nesa emisora: Isabel Carou e Mari Luz Villar) e outra puramente feminina: a saída a altas horas da noite da emisora, afastada do seu barrio de Mazarelos, obriga ó seu pai a ir a buscala decote.

Cando TVE decide abrir unha delegación en Galicia, a segunda de toda España detrás de Andalucía, envía a Luis Mariñas como responsable e un dos realizadores principais de Prado del Rey, José María Bermejo, que parece que tamén escoitaba á Navaza, pídelle que lle faga unha proba para televisión. Mariñas fillo non se atreve e ten que ser seu pai, Enrique Mariñas, quen lle propoña facelo. Tereixa acude á Rúa do Villar e grava a proba en conexión con Madrid. A proba resulta positiva

Algún pasos están a darse tamén nese momento en Prado del Rey. No ano 1973 comeza “Informe Semanal” no que a única muller da redacción aborda os problemas sociais en España e no mundo e, sobre todo, os das mulleres cunhas reportaxes inconcibibles uns anos antes. Chámase Carmen Sarmiento e leva o seu feminismo fóra do traballo e é das primeiras líderes que fundan publicacións e círculos de reivindicación e debate. Nese mesmo programa, no ano 1975 debuta como presentadora Rosa María Mateo que aguanta uns meses como “locutora de continuidade” e salta e ser a imaxe da recentemente estreada democracia ata o punto de que é ela a que lee o comunicado de

todas as forzas políticas e sociais na multitudinaria manifestación en Madrid posterior o golpe de Estado de 1981.

A delegación de TVE en Galicia comeza as emisións o 25 de Xullo de 1971 (esta vez a data non ten connotacións exaltadoras do réxime) e, se vostedes entran en internet, verán que a única foto que aparece desas primeiras emisións é Tereixa Navaza presentando as noticias de Galicia. Comezaba a ser o que sería para o resto da súa vida profesional e mesmo persoal: a imaxe da televisión española desde Galicia. Xa sabemos que ela non quería ser só unha imaxe. Pero deso falaremos.

O pequeno grupo de once compañeiros está cheo de ilusión, “foron tempos fermosos” conta Navaza. Aparecen, entre outros, Perfecto Conde Muruais –meu amigo, da Pontenova das miñas lembranzas, mellor dito e con propiedade, do Xinzo, concello da Pontenova, un dos xornalistas máis sobranceiros que deu Galicia– e Xosé María Palmeiro, outro lugués de Monforte de Lemos, home desta casa que formará parte de ese equipo de *Radio Popular de Vigo* que con María Xosé Porteiro e Víctor Freixanes do que foi un programa informativo insignia e a envexa de todos nós os seus compañeiros en outra emisoras. Se non erro chamábase “Jaque a la actualidad” Hai, por certo, en internet unha foto de Navaza no medio de Palmeiro e Freixanes diante dun micrófono que reza “Cadena SER”. Supoño que estarían de visita.

Comezan as emisión en galego como “A Peneira” na que Perfecto Conde recorre os pobos galegos contando as súas necesidades. Navaza pon a “voz en off” a un documental sobre Santiago que realiza aquel José María Bermejo que fora “o seu descubridor” e tamén un deses anos 73/74 as badaladas de fin de ano transmítense desde Santiago. Son combativos como no debate titulado “Democratización da Universidade” gravado na Facultade de Económicas coa participación do propio Decano Luis González Suarez-Llanos e que Navaza modera. Cando comeza o movemento veciñal fai outra gravación semi-clandestina coas asociación de veciños de Conxo en Santiago.

Fóra do traballo desenvolve unha labor continua a prol do feminismo, dos dereitos da muller, de toda causa, defensa e conquista dos dereitos de colectivos que precisan desa axuda, por exemplo, a dos insubmisos. Navaza ten que ir con Suso Vega a declarar diante do xuíz togado na Capitanía Xeral de A Coruña. Todo isto vaina marcando e, en diversos momentos, sufrirá as consecuencias.

Pero seguramente e por resumir hai dous momentos clave nos que Tereixa Navaza fai historia: a chegada a Galicia dos restos de Castelao e a lectura do comunicado na multitudinaria manifestación dos traballadores do sector naval galego na Praza do Obradoiro o domingo 20 de Xaneiro de 1985, contra a durísima reconversión industrial do goberno socialista.

A transmisión en directo da chegada a Galicia dos restos de Castelao, o 28 de Xuño de 1984, data coincidente co aniversario do plebiscito do Estatuto de Galicia de 1936, é unha decisión do director do centro nese momento, Aleixandre Cribeiro, é de supor que co coñecemento do director xeral, o galego José María Calviño. Evidentemente, aparte

da data histórica e do que supuña esa chegada e ese “desfile” do cadaleito desde Lavacolla ata o Panteón de Galegos ilustres en Bonaval ofrecido a todos os galegos en directo por TVE en Galicia era a maioría de idade para ese centro e xustificaba, por si mesmo e ese solo acontecemento, a súa existencia.

Navaza, como fan os xornalistas e comunicadores de raza. prepara e vai lendo no longo percorrido textos de *Sempre en Galiza*, de *Castelao na luz e na sombra* de Paz Andrade e un artigo de, Uxío Novoneyra censurado na prensa e publicado, hai dous anos, nunha compilación feita por o seu grande amigo Luis Cochón. Subliña o feito de que houbo un acordo unánime do Parlamento de Galicia para que os restos de Castelao chegaran canto antes a Galicia e da lectura ó comunicado da Xunta de Galicia que dí:

A normalidade democrática está restaurada e Galicia adquiriu o recoñecemento de nacionalidade histórica. Castelao pode dormir o soño da eternidade.

Diante das imaxes das protestas e das cargas, Navaza pronuncia a frase que resume o que se ve: “son imaxes que non necesitan palabras”.

As reaccións non se fan esperar: o Gobernador Civil pide que se corte a transmisión. Cribeiro négase. Un comentario periodístico do día seguinte sinala: “Unha terrorista transmitiu a chegada dos restos de Castelao”. Cribeiro é cesado un tempo despois. Pero aí están ámbolos dous para a historia da televisión en Galicia. Se entran en internet “clicando” Teresa Navaza atoparán imaxes e son dese momento histórico.

A lectura do comunicado da manifestación do naval co Obradoiro abarrotado tráelle a primeira das retiradas da pantalla. Hai unha reacción moi forte da xente da cultura, da ensinanza e sobre todo dos traballadores do naval que ameazan con marchar a Santiago se non a repoñen. Finalmente Calviño da orde de que a repoñan. Con todo máis adiante é relegada a ler en “off” textos escritos por outros compañeiros.

No ano 1986 chega este servidor a dirixir o Centro de TVE en Galicia. Sobre esta etapa vou subliñar catro momentos nos que podó resumir o traballo de Tereixa Navaza no que supuxo para min –e espero que para ela– unha das mellores experiencias de miña longa vida profesional.

- 1) O Magazine “TELEGALICIA”. Unha hora de televisión que conseguín arrancar ó director xeral e que supuña duplicar o tempo de programación do centro. De unha a dúas da tarde e feito neste mesmo lugar onde estamos agora que era o noso estudio. Navaza presentaba acompañada por Fidel Fernán-Vello. Como xa insinuei máis arriba non se limitaba a presentar, era máis que unha presentadora porque a súa achega de temas, personaxes, froito deso que caracteriza ós mellores profesionais: a súa axenda, eran fundamentais. Colectivos sociais que

ela coñecía tan ben, mulleres, xentes da cultura, nomes menos coñecidos que valía a pena que os espectadores souberan do seu labor, das súas inquedanzas, etc. Un xeito de enriquecer esa nova hora de programación de Galicia e para Galicia que supuña un tesouro que había que aproveitar ó máximo. Loxicamente todo canto persoeiro pasaba por Santiago. Unha anécdota: Camilo José Cela ven a ser entrevistado a “Telegalicia”. Non tiñamos ascensor, como agora ten este edificio. No medio da escaleira e en vista do que falta por subir, decide dar a volta dicindo: “Si lo sé no vengo”. Eu máis Marina Castaño tratamos de convencelo. Finalmente sube e a entrevista coa Navaza é estupenda. Lémbrome dunha frase desas que el fabricaba no momento (ou iso parecía): “Santiago es la única ciudad, las demás son campamentos”.

- 2) 25 de Xullo de 1986: Día de Galicia. Emisión, por primeira vez da versión dobrada ó galego de película *Lo que el viento se llevó*, en galego *Foise co vento*, tradución exacta do orixinal en inglés *Gone with the wind*. Para rematar unha xornada na que actuara *A Quenlla* nun programa especial das 14:00 e a actuación de María Manuela e Miguel no programa “Vaya tarde” emitido para toda España. A partir das 20:30 e para Galicia, Tereixa Navaza presentou un programa especial de catro horas de duración que se abriu cun faladoiro coas dobradoras e dobradores da cinta. Unha dobraxe excelente a cargo da empresa “Imaxe” que mereceu todos os parabéns por parte de “crítica e público” como se acostuma a dicir. Tras da emisión da película e coa centraliña telefónica bloqueada polas felicitacións e a satisfacción da audiencia, Navaza pechou o programa con outro parladoiro con Ana Román, Chao Rego e Miguel Anxo Fernán-Vello como invitados. Hai que dicir que, se ben a proposta foi nosa, non sería posible levala adiante sen o apoio da dirección xeral de RTVE, concretamente de Jose María Calviño que non só sufragou o custo da dobraxe se non que xestionou o sempre complicado asunto das autorizacións da versión e da emisión por parte das empresas propietarias dos dereitos correspondentes.
- 3) “II Encontros da Comunicación: a televisión”. Maio de 1987. A Coruña. Na táboa redonda titulada “Os comunicadores” intervén Tereixa Navaza xunto a Iñaki Gabilondo, Luis de Benito e Manolo Rivas. Na calusura, o Ministro Abel Caballero presenta o plan Técnico de Ley de Televisión Privada que se aprobará o ano seguinte 1988. Nos primeiros Encontros da Radio, celebrados tamén en A Coruña fora presentada a Radio Galega dous antes da súa posta en marcha.
- 4) “Premios Santiago” (edición única) 14 de Maio 1987. Capela do Hostal dos Reis Católicos. Unha gala inesquecible presentada por Tereixa Navaza e Fidel Fernán-Vello na que as e os premiados son colectivos, persoeiros, empresarios e profesionais que representaban todos os sectores que protagonizaban a programación de TVE en Galicia. Os apartados eran Imaxe fóra de Galicia, Cooperativas agrícolas e mariñeiras, Deportes, Gastronomía, Iniciativas, Teatro,

Investigación, Universidade, Empresas, Xornalismo, Cine, Radio, Televisión (que llo demos a un xoven realizador da competencia, a TVG, Manolo Abad), Letras, Artes plásticas e “Facer Galicia” . Por non cansar vou dar só os nomes destes dous últimos apartados: “Artes Plásticas”: Eugenio Granell que este ano é protagonista e que alí estaba pouco despois de chegar da súa longa e última estancia en Nova York pechando a súa peregrinaxe no exilio. “Facer Galicia”: ex aequo para Valentín Paz Andrade, (ó que se lle dedica o “Día das Letras galegas” este ano 2012) e Isaac Díaz Pardo. Valentín non estaba. Era o seu último recoñecemento en vida. Finou cinco días despois dese evento. Uns días máis tarde viaxamos á súa casa de Samil para lle entregar o premio á viúva e ó fillo. Nesa pequena embaixada íamos Tereixa Navaza, Isaac Diaz Pardo e máis eu. Atrévome a suxerir que se a gravación dese acto non está no arquivo do Consello de Cultura non demoren en pedirlla ó director de TVE-G.

Aquí debería terminar, “*strictu sensu*” o que se chama “Tereixa Navaza e os inicios da televisión desde Galicia”, pero non me resisto a poñer un corolario espero que non moi longo.

Unha vez volto a Madrid sigo en contacto, inda que esporádico, con Tereixa. Alégrome da súa elección como membro do Consello de Administración da TVG, onde está dous períodos de 1994 a 1998 e de 1998 ó 2002.

No 2004, desde o meu posto de Director dos Centros Territoriais de TVE retomamos a conexión moito máis frecuente. Contámono-las penas anteriores, sei das súas andainas coas inquedanzas de sempre: viaxes, cultura, música, cine, animación social, xurado aquí presentadora de actos acolá, etc. Entérome de que se incorpora como “*tertuliana*” a un programa que leva na RAG a miña sobriña Cristina Lombao e, pola miña parte volvo a chamala para que interveña dende Galicia nun programa diario , na segunda canle, baseado nos Centros territoriais e que se chama “España es”. Nesa etapa leva a cabo tamén unha serie de trece programas con persoeiros da cultura co gallo do centenario da RAG.

En 2011 TVE-G cumpriu 40 anos. Xabier Fortes, director do centro nese momento e aquí presente, elabora un documental titulado: “Galicia no espello do tempo” para o que me pide unha pequena intervención e invítame á estrea na Cidade de Cultura en Xullo pasado. Cando vexo o documental, Quén son os condutores e os que levan o peso do mesmo?: una parella ben representativa desa historia: Tereixa Navaza e Xoan Barro, tamén aquí presente, que nun ton entretido e un punto nostálxico fan un resumo que é un resumo da historia de Galicia.

E ata aquí chegamos e aquí estamos. Cumprindo unha obriga que Galicia tiña con Tereixa Navaza que xa é parte da historia de Galicia. Grazas ó Consello da Cultura e ás persoas que levaron adiante esta idea.

Para pechar, pídolle permiso a Ana Arellano Salafranca para roubarlle o título da súa próxima intervención que me gusta moito: “Tereixa Navaza, forza e valentía feminista tras un sorriso”.

Moitas grazas.

LOMBAO LOMBAO, Manuel: “Tereixa Navaza e os inicios da televisión desde Galicia”.
Relatorio presentado na xornada *Tereixa Navaza. A voz da liberdade* organizada pola
Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega, 25 de outubro de 2012